

ACLARACIÓN SOBRE CRITERIOS DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS E LIMITACIÓNS SECTORIAIS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO GDR LIMIA-ARNOIA PUNTO 5, APARTADOS 2C E DOS 2D DAS NORMAS DE XESTIÓN DA EDL LIMIA ARNOIA.

1. TEXTO RECOLLIDO NAS NORMAS DE XESTIÓN sobre LIMITACIÓNS SECTORIAIS SECTOR SERVIZOS E VENDA POLO MIÚDO

a. Criterios de actuación no sector do SECTOR SERVIZOS

Nas entidades singulares de menos de 1.500 habitantes son subvencionables os investimentos en **creación, ampliación e/ou modernización** de empresas do sector servizos, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

Nas entidades singulares de poboación de 1.500 habitantes ou máis, son subvencionables os investimentos en **creación** de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

b. Criterios de actuación no sector do COMERCIO POLO MIÚDO

Nas entidades singulares de menos de 1.500 habitantes son subvencionables os investimentos en **creación, ampliación e/ou modernización** de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe NO NÚCLEO DONDE SE UBIQUE A ACTIVIDADE dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

Nas entidades singulares de poboación de 1.500 habitantes ou máis, son subvencionables os investimentos en **creación** de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe NO NÚCLEO DONDE SE UBIQUE A ACTIVIDADE dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

2. ACLARACIÓN SOBRE O APARTADO ANTERIOR

a. En Entidades singulares de menos de 1500 habitantes

Son subvencionables proxectos do sector servizo e comercio polo miúdo acorde ao que segue:

- A creación, asociada a un IAE novo no núcleo de poboación.
- A ampliación e modernización de empresas existentes, sempre que cumpran co recollido nas bases reguladoras.

Para ser subvencionable, a creación debe ir asociado a unha alta de IAE. O documento que se debe presentar é un **Certificado do concello** que constate que non existe ningún outro establecemento nese núcleo dado de alta no mesmo epígrafe do IAE que o desta actividade subvencionable.

A ampliación ou modernización debe cumprir co recollido no **artigo 14** das Bases reguladoras recollidas na RESOLUCIÓN do 16 de abril de 2025*.

Por modernización entenderase a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio fundamental na natureza da produción ou na tecnoloxía correspondente.

Os investimentos que se limiten a substituír un edificio ou unha máquina existente, ou partes deles, por un edificio ou por outra máquina nova unicamente serán subvencionables no caso de que a substitución supoña ampliar a capacidade de produción en máis dun 25 % con respecto á que viña desenvolvendo o edificio ou a maquinaria substituída.

b. En Entidades singulares de 1500 habitantes ou máis

Son subvencionables proxectos do sector servizo e comercio polo miúdo acorde ao que segue:

Para ser subvencionable é necesario que a actividade sexa de nova creación, entendida esta como unha alta IAE e acompañada de Certificado do concello que recolla que non existe ningún outro establecemento nese núcleo de poboación dado de alta no mesmo epígrafe.

En caso de empresa existente con alta no IAE nova, é dicir, que vai ofertar un novo servizo ou produto de venda polo miúdo, será subvencionable unicamente o investimento asociado á nova actividade.

Deberá presentar un documento asinado, onde quede claramente recollido que investimento vai estar dedicado á nova actividade.

No caso de que o proxecto leve aparelado unha investimento en obra civil, e as instalación sexan dedicadas a toda a actividade da empresa, deberá recollerse que porcentaxe de superficie se adicará á nova actividade, esta porcentaxe será a aplicada para imputar gastos de custes xerais, investimentos intanxibles e gastos notariais e rexistrais.

**RESOLUCIÓN do 16 de abril de 2025, pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 10 de abril de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MR701L).*